

CONVOCATORIA DE AUDICIÓN PARA ACTORES/ACTRICES-CANTANTES PARA A PRODUCCIÓN DE 2011 DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO “A ÓPERA DOS TRES REÁS”, DE BERTOLT BRECHT E KURT WEILL

O Centro Dramático Galego, é un centro de creación, produción e distribución para o desenvolvemento do teatro en Galicia. Está adscrito á Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais), e ten a súa sede en Santiago de Compostela.

CONVÓCASE:

Proceso de selección a través de audición pública para a contratación, baixo a modalidade de contrato especial para artistas ao abeiro do R.D. 1435/85, de 1 de agosto, de 5 prazas de actores-cantantes e 5 prazas de actrices-cantantes, para a produción do Centro Dramático Galego no ano 2011, “A ópera dos tres reás”, de Bertolt Brecht e Kurt Weill.

Cada praza estará dotada cunha retribución mensual segundo o convenio de actores vixente e a contratación farase con cargo á aplicación orzamentaria 11.A1.432B.640.1 do exercicio de 2011 da Agadic.

A duración do contrato será de 6 meses a partir do 04/04/2011.

Os aspirantes deberán presentar a súa solicitude preferentemente por correo postal ao Centro Dramático Galego-Salón Teatro, na Rúa Nova, 34, 15705-Santiago de Compostela, no rexistro da Agadic ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, xunto coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán presentar, ademais, unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

-*Curriculum vitae* no que conste estudos ou experiencia acreditada en interpretación e canto, referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

-Fotografía de corpo enteiro.

-Con carácter opcional, poderán enviarse un CD, DVD, do/a solicitante co material videográfico sobre o seu traballo.

O prazo de presentación rematará o día 10 de febreiro.

As audicións celebraranse en Santiago de Compostela, no lugar, día e hora que será comunicado con antelación suficiente aos candidatos e candidatas seleccionados aos que se lles facilitarán os materiais dramáticos e musicais necesarios para as probas.

A presente convocatoria publicarase nos taboleiros de anuncios do Centro Dramático Galego e da AGADIC, e na páxina web www.agadic.info. Ademais informarase dela mediante *mailing* ás principais asociacións e empresas do sector do teatro.

A selección de admitidos para a audición será realizada polos directores responsables da nova produción atendendo aos criterios de idoneidade dramática, experiencia teatral e musical.

Todas as listaxes que xere a selección definitiva serán publicadas no taboleiro de anuncios da Agadic e na páxina web www.agadic.info.

O tribunal encargado da selección dos candidatos estará constituído polos seguintes membros:

Presidente.- O director artístico seleccionado da nova produción.

Vogais.- O director musical seleccionado da nova produción, e un experto asesor independente, designado pola directora do Centro Dramático Galego e un pianista.

Secretario.- Un membro do cadro de persoal administrativo da AGADIC, que actuará con voz pero sen voto.

O tribunal quedará validamente constituído coa asistencia de como mínimo a metade máis un dos seus membros e a asistencia do secretario.

Os candidatos seleccionados disporán de 5 días naturais para presentar na Agadic a seguinte documentación:

- Copia do DNI / NIE.
- Copia da tarxeta de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado de conta bancaria.

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2011

Asdo: Juan Carlos Fernández Fasero
Director da AGADIC

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA A SELECCIÓN DE 5 ACTORES-CANTANTES E 5 ACTRICES-CANTANTES PARA O ESPECTÁCULO DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO DO ANO 2011 – CONTRATO ESPECIAL DE ARTISTAS

Datos persoais

D.N.I./Pasaporte _____

Apelidos _____

Nome _____

Enderezo _____

Localidade _____ Provincia _____

Teléfono _____

Data de nacemento _____

Nacionalidade _____

Correo electrónico: _____

Documentación que presenta

- ☐ Fotocopia do D.N.I., N.I.E ou pasaporte
- ☐ Fotografía
- ☐ CV
- ☐ CD/DVD

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso selectivo a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela.

En _____, ____ de _____ de 2010

**Sr. Director da Axencia Galega das Industrias Culturais
RÚA VESADA. SAN LÁZARO, s/n
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA**